



| | |
|-------------------|------------------------------------|
| Título: | <i>Grandes Matemáticos</i> |
| Autor: | Varios autores |
| Editorial: | Prensa Científica, Barcelona, 1995 |
| Colección: | Temas |
| Núm. pp.: | 128 |
| Tamaño: | 28 x 21 |

Este libro trátase dunha recompilación de artigos aparecidos na coñecida publicación periódica *Investigación y Ciencia* e adicados ó mundo das matemáticas. Consta de catorce traballos sobre matemáticos eminentes, e mais unha introducción: un resumo dunha conferencia de Henri Poincaré, “A creación matemática”, pronunciada a primeiros de século. As figuras escollidas son Leonardo de Pisa, Fermat, Monge, André Weil, Gauss, Fourier, Cauchy, Escher e Penrose, Galois, Cantor, Frege e Ramanujan. Como pasa con toda escolma, pódese coincidir ou non cos seus autores; un posible defecto é que non haxa ningún representante do mundo antigo, que nas matemáticas acadou cumes que aínda agora asombran; mais polo equilibrio dos temas tratados, polo prestixio dos autores (o artigo sobre Descartes, por exemplo, é de A.C. Crombie, coñecido autor da *Historia da Ciencia de Santo Agostiño a Galileo*), polas excelentes ilustracións do texto e, *last but not least*, pola inserción dos matemáticos estudados nas súas coordenadas histó-

ricas, políticas e culturais, é unha obra recomendable para tódolos que estean interesados na historia das ideas científicas en xeral. Pódese concibir, ademais, como unha introducción, unha boa ollada de conxunto, a historias da matemática de contido máis xeral (Boyer, Kline, etc.).

Neste punto gustaríame preguntar algo. ¿Quen é o público potencial de publicacións deste tipo? Falamos antes de formación non especializada, pero non debemos pensar que estes traballos son doados de ler para estudantes do Bacharelato e aínda do COU. Serían, en todo caso, materiais para un estudio dirixido polo profesor se actividades deste teor tivesen un lugar nas aulas. Xa que logo, o auditorio queda limitado a matemáticos, profesores de matemáticas (tomo prestada a definición de Dieudonné: matemático é o que ten publicada unha demostración non trivial), científicos (ou estudantes de carreiras científicas) e persoas cunha certa formación matemática e interese pola historia do pen-

samento matemático (algúns mestres, estudantes de filosofía da ciencia, etc.), que seguramente serán poucas. En resumo, e de melancólica conclusión, un ten a impresión de que malia a abundancia da literatura que nos ocupa e a súa calidade, en farto contraste co baleiro de hai uns anos, o mundo das matemáticas segue a ser profundamente descoñecido. As outras ciencias teñen a posibilidade da vulga-

rización, ás veces perigosa e aínda fraudulenta, que parece vedada para as matemáticas. Quizais sexa un problema ligado á mesma abstracción dos seus conceptos e logros, pero o feito é que para moitas persoas de cultura media (¡incluídos tantos alumnos que as padecen!) as matemáticas constitúen unha disciplina allea e inintelixible.

José Alberto Berriochoa Esnaola

